



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdere1.com

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELABRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE PALAS DE REI, O DÍA 15 DE MAIO DO ANO DOUS MIL CATORCE .

ASISTEN

PRESIDENTE

D. Pablo José Taboada Camoira .

CONCELLEIROS

D. Fernando Alfredo Pensado Barbeira

D^a. M^a Aurora Vila Agra.

D. Amando Sande Agra

D^a. María Cristina Lodeiro Castiñeira

D. José Ramón García Vázquez.

D. Horario Rouco Ferro

D. José Sabino Prieto Vázquez.

D^a. Noelia Vázquez Paredes.

SECRETARIO-INTERVENTOR

D. Iván Ponte Mahía.

Faltaron con excusa os/as Concelleiros/as :

D. Antonio Blanco Estevo

Dona Ángela Pérez Vázquez.

Sendo as catorce horas do día quince de maio do ano dous mil catorce, reúnese no Salón de Plenos da Casa do Concello, o Pleno da Corporación, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, coa asistencia dos señores concelleiros relacionados á marxe, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Pablo José Taboada Camoira, actuando como Secretario - Interventor, D. Iván Ponte Mahía, que da fe dó acto.

Constituída válidamente a sesión, de conformidade co disposto no art. 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local e art. 90 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. Alcalde-Presidente abre a sesión cá seguinte orde do día :



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982390001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

PUNTO PRIMEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

O Sr. Alcalde-Presidente solicita dos concelleiros que manifesten se teñen algunha alegación que facer á acta da sesión ordinaria do día 27 de marzo de 2014 e da acta da sesión extraordinaria e urxente do 30 de abril de 2014.

Ante a ausencia de alegacións ó acta da sesión ordinaria de 27 de marzo de 2014 e ó acta da sesión extraordinaria e urxente de 30 de abril de 2014, o Pleno da Corporación, cos votos a favor dos concelleiros do grupo municipal do PP, e do grupo municipal do PSdeG - PSOE, acordou aprobar, por unanimidade dos membros presentes, a acta da sesión ordinaria de 27 de marzo de 2014 e a acta da sesión extraordinaria e urxente de 30 de abril de 2014..

PUNTO SEGUNDO.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA DE ACORDO CÓ DISPOSTO NO ARTIGO 42 DO R.O.F.

Todos os concelleiros quedan enterados do contido dos decretos da Alcaldía dende o número 70 ata o número 121 , ambos incluídos.

O Sr. Portavoz do Grupo Socialista, Sr. Rouco Ferro solicita explicacións pola ausencia de firma e orixinais dos decretos que van dende o día 20 de marzo ata o día 14 de abril deste ano.

O Sr. Alcalde pasa o turno de palabra o Sr. Secretario para que ofrezca as explicacións oportunas.

O Sr. Secretario afirma que á súa chegada como secretario-interventor deste Concello o día 29 de abril de 2014, no despacho de Secretaría non se encontraban os decretos orixinais que van dende o día 20 de marzo de 2014 ata o día 14 de abril descoñecendo o seu paradero e o motivo da súa falta, facendo constar dita cuestión en dilixencia de data 9 de maio ós efectos oportunos.



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

PUNTO TERCEIRO.- DACION DE CONTA DO INFORME DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA DO 1º TRIMESTRE DE 2014.-

O Sr. Alcalde- Presidente abre este punto do orde do día outorgando o turno de palabra o Sr. Secretario do Concello para que proceda a dar conta do informe de estabilidade orzamentaria do 1º trimestre do presente ano.

O Sr. Secretario dispense a ler de maneira literal o contido do informe:

“En cumprimento con lo establecido por la Ley Orgánica 2/2012, se da a conocer al Pleno el siguiente informe de evaluación sobre el cumplimiento del objetivo de Estabilidad Presupuestaria y de la regla de gasto del 1º trimestre del presente año que literalmente afirma lo siguiente:

“ Comunico los datos correspondientes al Informe de Evaluación de cumplimiento de objetivos que contempla la Ley Orgánica 2/2012 y que suponen que el Presupuesto de las Entidades que forman parte del Sector Administraciones Públicas de esta Corporación:

***Cumple el objetivo de Estabilidad Presupuestaria.
No cumple el objetivo de Regla de Gasto.***

OBSERVACIONES DE LA INTERVENCIÓN A LA INFORMACIÓN QUE SE COMUNICA

El cumplimiento del objetivo de estabilidad presupuestaria a 31 de marzo del presente año, se trata de un dato objetivo y real pero que carece de excesiva significación práctica debido a que el Ayuntamiento de Palas de Rei se encuentra con el presupuesto prorrogado y en trámites de aprobar un nuevo presupuesto para el año 2014, con todo lo que ello conlleva desde el punto de vista de la ejecución presupuestaria del gasto y en segundo lugar debido a que nos encontramos en los albores o comienzos del año presupuestario. Por tanto no se trata de un dato concluyente o definitivo.

Todo esto se pone de manifiesto, con las oportunas reservas, en las estimaciones realizadas en la presente comunicación de datos de cara a 31 de diciembre de 2014, en donde, por parte de esta Intervención se entiende que se puede llegar a cumplir el objetivo de estabilidad presupuestaria a final del presente ejercicio, siempre y cuando se ponga énfasis en la contención del gasto y se realice por parte del equipo de gobierno municipal una gestión marcada por la prudencia y la sensatez en el ámbito de los gastos a lo largo del presente año.



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

En caso contrario, y precisamente por el hecho ya reseñado de que no se trata de un dato concluyente, se pondría en peligro el cumplimiento del principio de estabilidad presupuestaria a 31 de diciembre de 2014.

El incumplimiento del objetivo de la regla de gasto a 31 de diciembre de 2014, se trata de una mera previsión que parte de premisas que están marcadas por el principio de prudencia. Se trata de una previsión que, al igual que en el supuesto anterior, carece de excesiva significación debido a que el Ayuntamiento de Palas de Rei se encuentra en estos momentos con presupuesto prorrogado y en trámites de aprobar un nuevo presupuesto para el año 2014 y debido a que hacer previsiones a 31 de diciembre de 2014 conlleva un considerable riesgo teniendo en cuenta el poco tiempo de ejercicio presupuestario que se lleva consumido.

Ante estas circunstancias, el que suscribe afirma que, a día de hoy, el posible cumplimiento o incumplimiento del objetivo de la regla de gasto en la liquidación del presupuesto del presente año tiene un altísimo grado de incertidumbre ya que depende de qué tipo de presupuesto se va a aprobar de cara al presente año y cual va a ser su ritmo de ejecución.

Ante a ausencia de debate, a Corporación dase por enterado do contido do informe de estabilidade orzamentaria do 1º trimestre do presente ano.

PUNTO CUARTO.- REVOCACIÓN DO ACORDO ADOPTADO POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 30 DE ABRIL DE 2013.

O Sr. Alcalde dispónse a ler, de maneira literal a proposta de Alcaldía que establece:

" Visto o contido do decreto 14/2014, onde se decreta a revocación do Decreto de Alcaldía nº 329/2012, de data 22 de outubro e do Decreto de Alcaldía 63/2013 de data 12 de marzo onde se inicia o expediente disciplinario a Dona María Celia González Vázquez;

Vista a sentenza dictada no P.A. 24/2012, de data 30 de abril de 2013 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Lugo, que declarou a disconformidade coa normativa actual dos anteriores decretos de Alcaldía;



Visto, que a anterior sentenza foi confirmada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia por sentenza de data 24 de outubro de 2013;

Visto canto antecede, o Sr. Alcalde propón o Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. - *A revocación do acordo que adoptou o Pleno do Concello de Palas de Rei na sesión plenaria extraordinaria celebrada o día 30 de abril de 2014, que establecía de maneira literal:*

“PRIMEIRO. *Desestimar as alegacións presentadas por D^a. María Celia González Vázquez á proposta de resolución emitida polo Instrutor do Expediente.*

SEGUNDO. *De conformidade có informe da Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, de data 26 de abril de 2013 e en base as argumentacións e fundamentos do mesmo impoñer a María Celia González Vázquez, Funcionaria municipal con Habilitación de Carácter Estatal, unha sanción de destitución do cargo como Secretaria-Interventora do Concello de Palas de Rei, coa prohibición de obter novo destino por ningún procedemento nesta localidade de Palas de Rei durante o prazo dun ano, como responsable dunha infracción administrativa grave de ausencia de informe xurídico preceptivo en materia de licenzas urbanísticas, infrinxindo o disposto no artigo 3.c) do RXFHN, ademais do sinalado nos artigos 53.10 e 54.2 do EBEP, e no artigo 53.3 do mesmo, que sinala que os empregados públicos axustarán a súa actuación aos principios de lealdade e boa fe coa Administración na que presten os seus servizos. Infracción tipificada no artigo 4.n) do Decreto 94/1991, "a grave perturbación do servizo de acordo co sinalado no punto 2 do apartado II da proposta de resolución, no que a feitos probados,e faltas cometidas se refire.*

TERCEIRO. - *Declarar a prescrición das infraccións contidas nos puntos 1, 3, 6, 7 e 9 do apartado II desta proposta de resolución, de acordo co exposto nos mesmos.*

CUARTO. - *Declarar a inexistencia de infracción en relación cos demais feitos (puntos 4, 5, 8, 10, 11, e 12 do apartado II), nos termos sinalados.*

QUINTO. *Notificar esta resolución á inculpada, con expresión dos recursos que caiban contra a mesma, o órgano ante o que deban presentarse e prazos para interpoñelos, así como a Dirección Xeral de administración Local da Xunta de Galicia.”*



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

SEGUNDO. - *Notificar a seguinte resolución ó interesado, dándolle traslado para o seu coñecemento e efectos oportunos, o amparo do artigo 84 da Lei 30/92 de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas.*

TERCEIRO. - *Notificar a seguinte resolución o Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Lugo ós efectos oportunos."*

Unha vez lida, o Sr. Alcalde abre o tempo de debate;

O Sr. Rouco Ferro, antes de iniciar a súa intervención solicita do Sr. Secretario a lectura do seu informe xurídico sobre o particular.

O Sr. Secretario dispónse a ler de maneira literal o seu informe xurídico sobre a revogación do acordo plenario do día 30 de abril de 2013:

"De acordo co ordenado pola Alcaldía mediante Providencia con data 9 de maio de 2014, e en cumprimento do establecido no artigo 3.a) do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional emito o seguinte,

INFORME

1.- ANTECEDENTES DE FEITO.

Con data 30 de abril de 2013, o Pleno do Concello de Palas de Rei, **por seis votos a favor que corresponden ós concelleiros do Grupo Municipal Popular srs/sras:** García Vázquez, Lodeiro Castiñeira, Pensado Barbeira, Sande Agra, Vila Agra, e Taboada Camoira, e tres votos en contra que corresponden ós Concelleiros presentes do Grupo Municipal Socialista, srs/sras: Rouco Ferro, Vázquez Paredes e Prieto Vázquez adopta o seguinte acordo:

"PRIMEIRO. *Desestimar as alegacións presentadas por D^a. María Celia González Vázquez á proposta de resolución emitida polo Instrutor do Expediente.*

SEGUNDO. *De conformidade có informe da Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, de data 26 de abril de 2013 e en base as argumentacións e fundamentos do mesmo impoñer a María Celia González Vázquez, Funcionaria municipal con Habilitación de Carácter Estatal, unha sanción de destitución do cargo como*





Secretaría-Interventora do Concello de Palas de Rei, coa prohibición de obter novo destino por ningún procedemento nesta localidade de Palas de Rei durante o prazo dun ano, como responsable dunha infracción administrativa grave de ausencia de informe xurídico preceptivo en materia de licenzas urbanísticas, infrinxindo o disposto no artigo 3.c) do RXFHN, ademais do sinalado nos artigos 53.10 e 54.2 do EBEP, e no artigo 53.3 do mesmo, que sinala que os empregados públicos axustarán a súa actuación aos principios de lealdade e boa fe coa Administración na que presten os seus servizos. Infracción tipificada no artigo 4.n) do Decreto 94/1991, "a grave perturbación do servizo de acordo co sinalado no punto 2 do apartado II da proposta de resolución, no que a feitos probados,e faltas cometidas se refire.

TERCEIRO. - *Declarar a prescrición das infraccións contidas nos puntos 1, 3, 6, 7 e 9 do apartado II desta proposta de resolución, de acordo co exposto nos mesmos.*

CUARTO. - *Declarar a inexistencia de infracción en relación cos demais feitos (puntos 4, 5, 8, 10, 11, e 12 do apartado II), nos termos sinalados.*

QUINTO. *Notificar esta resolución á inculpada, con expresión dos recursos que caiban contra a mesma, o órgano ante o que deban presentarse e prazos para interpoñelos, así como a Dirección Xeral de administración Local da Xunta de Galicia."*

2. - LEXISLACIÓN APLICABLE.

- *Artigo 105 e 106 da lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.*

3. - FUNDAMENTOS XURÍDICOS.

As Administracións Públicas poderán revogar en calquera momento os seus actos de gravame ou desfavorables, sempre que tal revogación non constitúa dispensa ou exención permitidas polas leis, ou sexa contraria ao principio de igualdade, ao interese público ou ao ordenamento xurídico.

Considerando que o acordo que adoptou o Pleno de Palas de Rei é un acto de gravame ou desfavorable, enténdese por parte desta secretaría-intervención que é susceptible de ser revocado, e que cumpre cos requisitos establecidos nos artigos 105 e 106 da Lei 30/92, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasderei.com

Asimesmo, o órgano competente para revogar o acto administrativo en cuestión é o Pleno do Concello de Palas de Rei xa que foi o órgano que aprobou dito acordo.

Este é o meu informe, que someto a calquera outro mellor fundado en dereito, sen prexuízo de que o Pleno acorde o que estime conveniente."

Rematada a lectura, o Sr. Rouco Ferro afirma que este acordo do día 30 de abril de 2013 nunca se debeu adoptar por parte do Pleno posto que se trataba dun acordo que o Pleno non podía adoptar por falta de competencia. Afirma que había informes que amparaban este acordo pero que, a pesares diso, este grupo político sempre mantivo e defendeu que o acordo era ilegal e que, incluso, podería dar lugar a responsabilidade penal dos membros que votaron afirmativamente o devandito acordo. Ademáis, o Sr. Rouco Ferro sinala que se descoñece cal é o procedemento a seguir para adoptar agora este acordo de revocación e subliña a necesidade da existencia dun informe previo e preceptivo do Consello Consultivo de Galicia para que se poida levar a cabo a revogación do acordo, remarcando a idea de que sen este informe non é posible a revogación do acordo. Por último, solicita do equipo de goberno que as cousas se deben facer ben e por iso anuncia que o seu grupo político se vai a absterer nesta votación.

Rematado o debate, o pleno dispónse a votar o acordo.

O Pleno do Concello de Palas de Rei, cos votos a favor dos seis concelleiros do PP e coa abstención dos tres concelleiros do PSOE, adopta, por maioría absoluta dos membros presentes, o seguinte acordo:

PRIMEIRO. - A revogación do acordo que adoptou o Pleno do Concello de Palas de Rei na sesión plenaria extraordinaria celebrada o día 30 de abril de 2014, que establecía de maneira literal:

"PRIMEIRO. Desestimar as alegacións presentadas por D^a. María Celia González Vázquez á proposta de resolución emitida polo Instrutor do Expediente.

SEGUNDO. De conformidade có informe da Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, de data 26 de abril de 2013 e en base as argumentacións e fundamentos do mesmo impoñer a María Celia González Vázquez, Funcionaria municipal con Habilitación de Carácter Estatal, unha sanción de destitución do cargo como Secretaria-Interventora do Concello de Palas de Rei, coa prohibición de obter novo destino por ningún procedemento nesta localidade de Palas de Rei durante o prazo dun ano, como responsable dunha infracción administrativa grave de ausencia de informe



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

xurídico preceptivo en materia de licenzas urbanísticas , infrinxindo o disposto no artigo 3.c) do RXFHN, , ademais do sinalado nos artigos 53.10 e 54.2 do EBEP, e no artigo 53.3 do mesmo, que sinala que os empregados públicos axustarán a súa actuación aos principios de lealdade e boa fe coa Administración na que presten os seus servizos. Infracción tipificada no artigo 4.n) do Decreto 94/1991, "a grave perturbación do servizo de acordo co sinalado no punto 2 do apartado II da proposta de resolución, no que a feitos probados,e faltas cometidas se refire.

TERCEIRO. - *Declarar a prescrición das infraccións contidas nos puntos 1, 3, 6, 7 e 9 do apartado II desta proposta de resolución, de acordo co exposto nos mesmos.*

CUARTO.- *Declarar a inexistencia de infracción en relación cos demais feitos (puntos 4, 5, 8, 10, 11, e 12 do apartado II), nos termos sinalados.*

QUINTO. *Notificar esta resolución á inculpada, con expresión dos recursos que caiban contra a mesma, o órgano ante o que deban presentarse e prazos para interpoñelos, así como a Dirección Xeral de administración Local da Xunta de Galicia."*

SEGUNDO.- Notificar a seguinte resolución ó interesado, dándolle traslado para o seu coñecemento e efectos oportunos, o amparo do artigo 84 da Lei 30/92 de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas.

TERCEIRO.- Notificar a seguinte resolución o Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Lugo ós efectos oportunos."

PUNTO QUINTO.- EXAME E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 1/2014.

O Sr. Alcalde dispónse a ler, de maneira literal a proposta de Alcaldía que establece:

"Vista a necesidade de recoñecer extraxudicialmente créditos debido á presentación de facturas correspondentes a exercicios pasados que non foron pagadas durante ditos periodos;



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

Visto que a cantidade total das facturas que pertencen a anos anteriores ascende a cantidade de 280.757,87 euros e visto que existe dispoñibilidade en tesouraría para facer fronte a estes gastos xa realizados:

Visto o informe da Intervención Municipal en relación ó expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2014.

Visto o establecido no artigo 60.2 en relación co 26.1 c) do Real Decreto 500/1990 de 20 de Abril, regulador da normativa orzamentaria das entidades locais.

Visto que o recoñecemento extraxudicial de créditos é o mecanismo necesario que ten por obxecto a vulneración do principio de anualidade e como efecto a incorporación ó orzamento de obrigas derivadas de gastos provintes de exercicios anteriores.

Visto que corresponde ó Pleno a competencia para o recoñecemento extraxudicial de créditos:

Visto canto antecede, o Sr. Alcalde propón o Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. - *Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2014 formado polas facturas e outros documentos rexistrados de anos anteriores ó vixente que non foron aprobadas no seu momento e que se acompañan ó presente expediente."*

O Sr. Alcalde afirma que con este recoñecemento extraxudicial de créditos, vaise poder pagar as facturas que se debían e destaca, por encima de todo, a existencia de liquidez para poder facer fronte o importe destas facturas.

O Sr. Rouco Ferro afirma que non está en contra de que se paguen os provedores que fixeron o seu traballo para o Concello pero denuncia que, en virtude da normativa actual, o Concello está obrigado a pagar as facturas a 30 días e aquí se están a recoñecer facturas do ano 2013 por un importe de 280.000,00 euros. Por tanto, insta ó equipo de goberno a cumprir coa lei de morosidade e anuncia que, por este motivo, o seu grupo político se vai a abster.

O Sr. Alcalde afirma que para poder pagar a tempo, tal e como marca a Lei, o Concello tamén debería de cobrar a tempo e no seu momento as débedas que a Diputación Provincial de Lugo ten recoñecidas e que ascenden a máis de 400.000,00



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasderei.com

euros e que corresponden con liquidacións de anos anteriores. Ademais afirma que outras Administracións Públicas, como o Estado ou a propia Xunta de Galicia teñen obrigas pendentes co Concello de Palas de Rei por importes substanciais de anos anteriores.

Rematado o debate, O Pleno do Concello de Palas de Rei, cos votos a favor dos seis concelleiros do PP e coa abstención dos tres concelleiros do PSOE, adopta, por maioría absoluta dos membros presentes, o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobado o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2014 formado polas facturas e outros documentos rexistrados de anos anteriores ó vixente que non foron aprobadas no seu momento e que se acompañan ó presente expediente por importe de 280.757,87 euros.

PUNTO SEXTO.- EXAMEN E APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO 2014 .

O Sr. Alcalde dispónse a ler, de maneira literal a proposta de Alcaldía que establece:

"Asunto: Aprobación definitiva do orzamento xeral do Concello de Palas de Rei para o exercicio económico de 2014.

Visto o expediente tramitado ó efecto no que se inclúen todos os documentos recollidos no artigo 168.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e no artigo 18.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Vistas as reclamacións presentadas contra o acordo de aprobación inicial do orzamento xeral do concello para o exercicio económico 2014 por do Horacio Rouco Ferro.

Considerando o disposto no informe emitido pola secretaría-intervención municipal.

Considerando o disposto nos artigos 169 e 170 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 e nos artigos 20 e 22 do Real Decreto 500/1990.

Por esta Alcaldía propónse ó Pleno a adopción dos seguintes acordos:



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

1º.- Estimar a alegación referente ó incumprimento da norma da Lei 8/2013, de 26 de xuño de rehabilitación e rexeneración urbana que modifica a Lei de Facendas Locais e que establece que a aplicación orzamentaria na clasificación por programas se debe resenvolver a tres díxitos, nos termos presentados, procedendo a realizar a clasificación por programas do orzamento 2014 a tres díxitos.

2º.-Desestimar as demais alegacións presentadas por D. Horario Rouco Ferro en base os fundamentos xurídicos expostos no informe de secretaria-intervención ó respecto.

3º.- Aprobar definitivamente o orzamento xeral deste concello para o exercicio económico de 2014.

4º.- Publicar o orzamento definitivamente aprobado, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 e no artigo 20.3 do Real Decreto 500/1990.

5º.- Remitir copia do orzamento definitivamente aprobado á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma."

Ante a ausencia de debate, o Pleno do Concello de Palas de Rei, por 6 votos a favor que corresponden cos concelleiros do Grupo Político do PP e tres votos en contra que corresponden co grupo político PSOE, por maioría absoluta dos seus membros adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Estimar a alegación referente ó incumprimento da norma da Lei 8/2013, de 26 de xuño de rehabilitación e rexeneración urbana que modifica a Lei de Facendas Locais e que establece que a aplicación orzamentaria na clasificación por programas se debe resenvolver a tres díxitos, nos termos presentados, procedendo a realizar a clasificación por programas do orzamento 2014 a tres díxitos.

SEGUNDO.-Desestimar as demais alegacións presentadas por D. Horario Rouco Ferro en base os fundamentos xurídicos expostos no informe de secretaria-intervención ó respecto.

TERCEIRO.- Aprobar definitivamente o orzamento xeral deste concello para o exercicio económico de 2014.

CUARTO.- Publicar o orzamento definitivamente aprobado, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 e no artigo 20.3 do Real Decreto 500/1990.

QUINTO.- Remitir copia do orzamento definitivamente aprobado á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma."



PUNTO SETIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.-

O Sr. Alcalde sinala que no pleno ordinario do 27 de marzo de 2014, no turno rogos e preguntas, o portavoz do Grupo Municipal Socialista Sr. Rouco Ferro efectuou unha serie de preguntas, das cales vai dar resposta neste pleno ás seguintes:

1.- ¿Canto ingresou o Concello de Palas de Rei durante a temporada que permaneceu aberta a piscina municipal no ano 2013?

Resposta: Os ingreso por utilización da piscina municipal durante o ano 2013 foron os seguintes:

- 552,00 € en concepto de aboados
- 700 € en concepto de usuarios non aboados.

2.- Quen foi a persoa ou persoas encargadas de cobrar?

Resposta: Os aboados ingresaron directamente o importe na conta do Concello e os non aboados pagaron no momento de utilización da piscina. Neste último caso o encargado da recadación foi o socorrista.

3.- En que conta ou contas se ingresaron os cartos procedentes dos cobros das entradas da piscina municipal.

Resposta : Nas constas de Nova Caixa Galicia Banco e Banco Bilbao-Vizcaya-Argentaria.

4.- ¿Quen é o presidente da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Palas de Rei?

Resposta : A Agrupación de Voluntarios de Protección Civil foi creada por acordo unánime do Pleno da Corporación Municipal Municipal en sesión celebrada o día 16 de decembro do ano 2004 e o seu regulamento de funcionamento foi publicado no Boletín Oficial da Provincia do día 31 de decembro dese mesmo ano.

No art.7 do regulamento establece claramente que a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil depende directamente do Sr. Alcalde Presidente como responsable máximo e Xefe Local de Protección Civil, quen así mesmo poderá delegar o exercicio destas funcións e competencias nun concelleiro.-



O artigo 8 tamén establece que ao fronte da Agrupación de voluntarios de Protección Civil haberá un Xefe operativo, que coincidirá coa persoa titular da Xefatura da Policía Local, e todo isto forma parte da Xunta Local de Seguridade creada con posterioridade a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil.

5.- ¿Con cantas persoas conta a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Palas de Rei?

Resposta: Neste momento están inscritos na agrupación un total de 33 persoas.

6.- ¿Relación de persoas, con nomes e apelidos, contratadas-os durante o ano 2013 por este Concello ó amparo dos diversos plans con datas de inicio de contrato e data de fin de contrato.

Resposta: Entendo que esta non é unha pregunta senón que o que esta vostede a facer e solicitar unha documentación escrita e polo tanto prégoille que utilice o cauce correspondente.

7.- Relación de traballadores/as municipais (con nomes e apelidos) asignados ó servizo de axuda domicilio?

Resposta: Tamén neste caso entendo que o que solicita vostede e unha relación documental de datos para o que tamén debe utilizar outro cauce.

8.- ¿Cantos proxectos de obras se fixeron o longo do ano 2013 por administración?

Resposta: Tres.

9.- ¿Con cantos beneficiarios conta o programa de axuda a domicilio?

Resposta: Na modalidade de libre concorrencia e, con datos do mes de abril de 2014: 44 usuarios.

Na modalidade de dependencia tamén con datos do mes de abril : 38 usuarios.

10.- ¿Canto diñeiro ingresou o Concello de Palas de Rei en concepto de canon eólico no ano 2012 e 2013?

Resposta: O canon eólico non é un tributo local, senón que é un tributo autonómico., por conseguinte a resposta é: 0,00 euros.

Para a súa información o canón eólico que recada a Xunta de Galicia é destinado o Fondo de Compensación ambiente, do que este Concello percibiu 44.253,31 euros correspondente o ano 2012 e 39.744,44 euros o ano 2013.



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

Tralas respostas do Sr. Alcalde, o Sr. Rouco Ferro quere facer un rogo ó Pleno de Concello de Palas de Rei. O Sr. Rouco Ferro solicita do Pleno que se comunique á Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia que paralicen o sacrificio das vacas e do ganado ata que se revise o protocolo de actuación e asimesmo solicita que se lle suban os importes das indemnizacións ós gandeiros afectados por este tema.

O Sr. Alcalde e o portavoz do Grupo Popular, Sr. Pensado Barbeira aceptan este rogo coa finalidade de dar traslado da preocupación por este tema que ten o Pleno do Concello de Palas de Rei, remarcando que nestes últimos días o Sr. Alcalde está a facer as xestións oportunas para solucionar este tema, que é de vital importancia para o municipio de Palas de Rei.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Sr. Presidente da por remado o acto, e levanta a sesión as catorce horas e cincuenta minutos, de todo o que eu, como Secretario, dou fé

O ALCALDE



O SECRETARIO

